

*Pura Vázquez. Desmemoriado río*

**Andrés Pociña**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

POCIÑA, ANDRÉS (2012 [1998]). “Pura Vázquez. *Desmemoriado río*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 275-278. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1776>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

POCIÑA, ANDRÉS (1998). “Pura Vázquez. *Desmemoriado río*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 275-278.

\* Edición dispoñíbel desde o 26 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Pura Vázquez. Desmemoriado río**  
**A Coruña: Edicións Espiral Maior**

---

**Andrés Pociña**

Xunto coa súa irmá Dora e coa poeta de Vilagarcía Xaquina Trillo, forma Pura Vázquez (Ourense, 1918) a que poderíamos chamar “tríade decanal” das poetas de Galicia, seguida de preto polas figuras de Luz Pozo Garza, Cristina Amenedo, María do Carme Kruckenberg (orde cronolóxica), todas elas por fortuna en plena produción. Con elas e coas moitas escritoras das xeracións seguintes, ata chegarmos ás novas xa máis que promesas, representados por exemplo por Olga Novo e Yolanda Castaño, a poética galega de creación feminina amosa un panorama vivo e ricaz que pode considerarse un dos grandes avances da nosa literatura nas últimas décadas.

Hai unha característica que diferencia a Pura Vázquez de todas as demais: a enorme cantidade de libros publicados. Sen contar os libros de versos para a infancia e o teatro infantil, escritos illadamente ou en colaboración con Dora Vázquez, nin as súas novelas que publicou en galego (*Segundo Pereira*, 1978; *Os Aldán foron a América*, 1996), nin os moitos libros en prosa e en verso casteláns, a escrita poética galega de nosa autora conta con estes títulos: *Íntimas* (Lugo, 1952), *Maturidade* (Bos Aires, 1955; Ourense, 1996), *A saudade i outros poemas* (Vigo, 1963), *Versos para os nenos da aldea* (Ourense, 1968), *O desacougo* (Vigo, 1971), *Oriolos neneiros (Poesía infantil)* (Ourense, 1974), *Antoloxía* (Ourense, 1991), *Verbas na edra do vento* (Sada, 1992), *Zodiaco. Poesía bilingüe* (Ourense, 1992), *Man que escribiu no mar* (Ourense, 1993), *Ardente identidade* (Santiago, 1993), *Se digo Ourense* (Ourense, 1994), *A carón de min. Nova antoloxía poética* (Santiago, 1994), *A idade dos mansíos me dobreaga* (no libro *Poesía de Pura Vázquez*, Ourense, 1995), *Orballa en tempo lento* (A Coruña, 1995), *Desmemoriado río* (A Coruña, 1997). A lista é

longa, pero probablemente terá máis dunha omisión; dela sácase unha primeira lección: é Pura Vázquez un dos casos, ata hai pouco infrecuentes, de muller completamente adicada á literatura, labor que comeza cando só tiña quince anos, pero que se vai facendo nela cada vez máis normal e habitual, sobre todo despois da súa xubilación como mestra. Precisamente como un oficio contempla ese labor Pura, que me confesa nunha carta a propósito da súa escrita:

Gustárame deixar unha obra boa, numerosa, de calidade e beleza e coa profundidade que lle poidera dar ó completo. Pero teño grandes dúbidas e ás veces non sei nin ver os acertos que penso que poden ter tamén. ¿Que podo dicir máis? Cando teño mais fé, é cando teño confianza nos críticos, porque sei que me din a verdade, non a miña, sobre todo a diles. Acaso a culpa desto é que comecei moi noviña e autoaprendín e tamén algo me autoeduquei en moitas cousas. E vivín anos e anos de soedade. E tamén me falta, penso, un dominio de saber cousas que son precisas para poder escribir ben, enfrentarme con temas, e saber desenrolalos ben. Pero claro, o vivido xa vivido está, e atrás non hai volta. O feito, feito está tamén. O por facer, o tempo, a crítica, a mesma historia miña poderán dicilo. Nacín, estou aínda, existo, traballo, e tratei e trato de facelo o mellor que sei e podo, sexa no traballo, ou coa arte de escribir, sobre todo ó escribir poesía (1997).

Mais imos xa con *Desmemoriado río*. A colección, primorosamente editada, leva un curto pero ilustrativo limiar de Xosé María Álvarez Cáccamo, do que falarei máis adiante; o libro consta de seis apartados: “O reino da poesía” (un poema), “O tempo da elexía” (seis poemas), “A alma e as paisaxes” (nove poemas), “Soñar nas contraluces” (nove poemas), “Desmemoriado río” (dez poemas), “O tempo e as espadas” (sete poemas). Xa vemos nestes nomes que o tema fundamental vai ser o eterno na poesía de Pura Vázquez, unha visión de dentro para fóra e de fóra para dentro dun mundo poboado de ricaces experiencias e de fondos sentimentos, nunha vida chea de ires e vires, de amores perdidos, de amores vividos, de anxeos non cumpridos, de viaxes, de traballos, de penas e tamén de glorias. Penso que é a poesía da vida de Pura Vázquez, unha vida inqueda, desacougada: unha vida viva, desas que pagan a pena.

O libro leva esta dedicatoria: *Cariño e amizade para Carmen Blanco / Luz Pozo Garza / Xohana Torres / Dora Vázquez / Pilar Vázquez Cuesta*. Cómpre detense un pouquiño nela. A dedicatoria a cinco escritoras, tres fundamentalmente creadoras, dúas investigadoras, e todas “donas” (*sensu latino*) das letras galegas, amosa a mesma concienciación feminina por parte de Pura Vázquez sempre presente na súa obra: no hai que esquecer que xa no seu primeiro poemario galego importante, *Maturidade*, publicado en Bos Aires en 1955, abre o libro con “Dous poemas íntimos a Rosalía”, demostrando que ten superada a famosa “Anxiety of Authorship” que estudaron Sandra M. Gilbert e Susan Gubar como corrente nas mulleres escritoras, precisamente gracias a ter ese referente próximo e incuestionable que se chamou Rosalía de Castro. En Pura está por todas partes Rosalía, pero tamén outras mulleres escritoras, como as hispanoamericanas Juana de Ibarbourou e Alfonsina Storni, e máis preto dela Luz Pozo, Dora Vázquez (con citas das dúas abre o libriño *Zodiaco*, 1992). Curiosamente, nos textos que das escritoras a quen dedica o libro pon na páxina seguinte, escolle este de Carmen Blanco: “*Sen recoñecer o que outras foron e fixeron antes que nós non somos nada*”.

*Desmemoriado río* xa estaba escrito, polo menos en parte, no ano 1993: de feito, na antoloxía *A carón de min*, editada pola Xunta de Galicia en 1994, hai

unha escolma de nove poemas deste libro, que se datan na Coruña, 1993. Isto lévamos ó problema do posto que debe ocupar na escrita de Pura Vázquez. Escribe Álvarez Cáccamo que nos anos noventa recupera “*a poeta a súa voz, provisoriamente varada desde finais dos setenta, para seguir o curso do noso tempo máis próximo*”; deste modo, recordando as verbas do mesmo autor, navega de novo “*os ríos da memoria a través das décadas e en conversa con todas as xeracións contemporáneas*”. Velaí unha nova clave fundamental para explicar esta colección: *Desmemoriado río* é a recuperación sintética de toda unha poética de moitas décadas, algún tempo deixada á parte (os “anos baixos” de Pura Vázquez), pero nunca abandonada. Unha recuperación que logo se completará no libro *Orballa en tempo lento*, anterior en edición (Espiral Maior, 1995), pero posterior na composición. Sen embargo, ten aquel un significado especial na escrita de Pura Vázquez, semellante ó que puideron ter nos seus momentos *Maturidade* e *O desacougo*. A propia autora dáme a razón nisto: “Iste libro, *Desmemoriado río*, é sen dúbida o máis fundamental para min. Polo menos, o que considero máis completo coa idade en que o escribín, que é a idade máis profunda para sentir, e ata no ir devalando día a día e darse conta, con serenidade, dese feito ou fenómeno vital que nun, anque nos pese, se está realizando” (1997).

*Desmemoriado río*, daquela a colección mellor de poemas galegos dunha gran poeta, lese con pracer infinito. Como en poesía un exemplo vale por mil explicacións, tomarei o comezo de “O reino da poesía”, en certo modo unha autopoética:

*Crisoles de feitizos  
conxúranme a beleza  
do mundo que me engada.*

*Deslúmbbranme nos rumbos  
que destellan no espírito  
as lucencias da gracia.*

*Posúenme co lume  
e o tobo dun delirio.  
É en cristales e espellos  
fervura reflexada.*

Hai moitos poemas bos na colección, mais se houbera que escoller un, quedaríame con “Soñando a Grecia”. Eu sempre dixen que un dos mellores poemas da poesía galega deste século é “Soñando o fillo”, escrito en 1955 por Pura Vázquez, cando anda preto dos corenta anos, e sincérase con nós imaxinando o fillo que aínda non tivo, nin terá xamais, pero a quen tenta para que veña ofrecéndolle unha laberca, un agro de lilios, unha árbore con tres niñadas, unha rolada de pitos... Non tivo fillos Pura Vázquez, e escribiu aquela beleza; nunca estivo en Grecia, pero séntea coma poucas persoas nestes versos:

*Illas maravillosas desde o mar  
escadan polos pórticos celestes.  
Imaxinada Atenas. Nobre Esparta.  
Emerxen das corolas esplendentes.*

*Espállanse por ámbitos violados  
nun alén fabuloso ó Norte. Ó Leste.  
De xardíns oferentes e florestas.*

*As estatuas e os mirtos verde-escuros  
óllanse nos espellos prodixiosos  
das beiramares dun azul impúdico.*

*Así soñei a Grecia: Luminosa.  
Esencia pura. Clasicismo. Eterna.  
Inmorrente harmonía reclamándome.  
Salaia en min. ¡Beleza da Beleza!*

Sentindo deste xeito soños ideais, ¿como cantará Pura realidades súas, o amor,  
a saudade, a emigración, a irmá Dora, Ourense, a Terra Nai?